

O BARCO




DE VAPOR

Manuel Lourenzo González
Mundo Arb

PREMIO O BARCO DE VAPOR



O BARCO



DE VAPOR

Mundo Arb

Manuel Lourenzo González

PREMIO O BARCO DE VAPOR 2011

www.literaturasm.com



Dirección editorial: Elsa Aguiar
Coordinación editorial: Xohana Bastida

© do texto: Manuel Lourenzo, 2011
© Xerme Edicións, 2011
Anduriña, 1
36205 Vigo (Pontevedra)
www.grupo-sm.com

ATENCIÓN AO CLIENTE
Tel.: 902 121 323
Fax: 902 241 222
e-mail: clientes@grupo-sm.com

ISBN: 978-84-9854-274-5
Depósito legal: M-25562-2011
Impreso na UE / *Printed in EU*

Calquera forma de reprodución, distribución,
comunicación pública ou transformación desta obra
só pode ser realizada coa autorización dos seus titulares,
agás excepción prevista pola lei. Diríxase a CEDRO
(Centro Español de Dereitos Reprográficos, www.cedro.org)
se necesita fotocopiar ou escanear algún fragmento desta obra.

1 *No faladoiro do ferreiro* *Elía de Uñagará*

A tarxeta de visita do forasteiro non ofrecía dúbidas. Decía textualmente:

Fluán Pablús Per
Distribuidor de Enxeños Mecánicos Modernos
Primeiro Premio na Exposición de Arcarel,
ano 38.713

–Distribuidor de enxeños mecánicos? Hoxe en día todo o mundo tolea cos enxeños mecánicos. Seica no futuro ninguén traballará, todo o farán os enxeños mecánicos.

–É certo. Observen o que se anuncia nesta páxina do catálogo: unha sinxela rodiña dentada que, ao xirar sobre un minúsculo pedernal, fai arder a mecha de fío. Chámase isqueiro. Para prender lume ao instante en calquera lugar: é xenial. O tempo dos mistos acabou.

–Oíron falar do biciclo? Unha curmá segunda da miña esposa, unha boa muller que vive en Ritordáns,

mercou un. É un medio de transporte individual realmente sorprendente. Consta dunha armazón moi simple que vai montada sobre dúas rodas en liña; o viaxeiro séntase nel e fai xirar cos pés uns pedais, iso fai que se mova.

–E pode sustentarse sen caer?

–Pode, se o sabe manexar. Disque chega a acadar unha velocidade considerable, sen apenas esforzo.

–Para que querería ninguén acadar unha velocidade considerable?

–Vostede talvez non, pero iso é o progreso.

–Onde iremos parar!

Os sábados ao mediodía, na ferrería de Elía de Uñagará, adoitábase discutir con paixón acerca dos máis variados temas. Era este un faladoiro famoso, ao que acudían seareiros e veciños que plantaban cedo os seus traballos para coller os mellores asentos. Algúns asistían como simples espectadores, outros como oradores activos capaces de lucir coñecementos, ensarillar razóns e ata atreverse con teses arriscadas. Todo o mundo tiña voz e as ideas expoñíanse abertamente.

–Eu acabo de instalar na miña adega unha prensa continua. Estou moi contento.

–Hai que recoñecelo: a prensa continua é un grande adianto. Aforra o traballo de tripar as uvas cos pés, é máis rápida, hixiénica, e aproveita os acios ao máximo. Unha máquina portentosa, diría eu.

–E vostedes consideran iso progreso? Por favor, a este paso acabaremos volvendo inútiles as mans e os pés.

–A propósito do tema, quixera que opinasen sobre certa información que circula polos medios políticos. Ao parecer, emitírase un decreto que obrigará a que os viaxeiros porten o paradescensos como parte da vestimenta; xa saben, ese artefacto consistente nunha tea que se desprega para suavizar as caídas. Parécelles ben?

–Se o vemos como unha medida de prudencia, é algo positivo, pois evitará un bo número de accidentes, imaxinen. Ora, por outro lado, suporá unha irritante molestia. Sobre todo para os que non infrinximos o precepto que prohibe achegarse aos bordos das pólas.

–Un negocio! Eu aí só vexo un lucrativo negocio para os fabricantes de paradescensos. Os cidadáns non temos por que sacrificar os nosos salarios e a nosa comodidade para incrementar as arcas dos fabricantes de calquera cousa que se invente, ou si?

Quen así falaba era dona Luzai, a mestra da localidade, moi sabida e firme nas súas conviccións. Dona Luzai amosábase contraria a todo o que significase cambio dos modos de vida tradicionais.

–Descúlpeme a señora –interveu o viaxante Fluán Pablús, que escoitara os comentarios dos tertulianos nun respectuoso silencio–, mais eu considero que manifesta vostede ideas un tanto retrógradas. Hoxe en día non podemos ficar de brazos cruzados simplemente tomando o sol nos balcóns das nosas casas. Hai que moverse, hai que facer cousas, hai que estar á última. A técnica achega cada vez máis utensilios que facili-

tan os traballos. Como pode opoñerse a iso? Por exemplo, vostede, que se ocupa de instruír a xuventude nas ciencias e o comportamento, sen dúbida utilizará aparellos de observación da natureza: lentes de aumentar, regras de medir, pesas, agronias, escafándulos, potenciadores de luz, hibernóxiros...

–Aparellos, os mínimos. Sempre os mínimos. A natureza hai que observala cos sentidos. Para que temos ollos e orellas e nariz?

–Pero se pretendemos unha investigación máis profunda...

–Entón abrimos máis os ollos, ou afinamos o oído. Todo o que sobrepase eses límites será inmiscirse no que non nos interesa. Estou en contra.

–Pero as persoas temos necesidade de saber. Ansiamos coñecer, desvelar o que está oculto.

Quen interveu agora era Clar, unha rapariga de trece anos acabados de facer que moraba co vello Elía. Este acolléraa cando os seus pais, vítimas dun desgraciado accidente de aerobús, emprenderan a viaxe derradeira no Carro da Folla de Outono. Clar era unha rapaza curiosa por todas as cousas da vida e o seu maior desexo era estudar na Universidade das Ciencias de Arcarel, se as notas obtidas nos estudos básicos llo permitían. Tamén era traballadora e amable, aínda que ás veces sacaba a relucir un forte carácter. Os veciños tíñanlle moito aprecio. Ao tempo que cursaba o último ano de Ensinanza Xeral na escola de dona Luzai, aprendía a nadar na Academia de Nadadores do

Aire, e aínda axudaba a Elía na fragua. E non había sábado que non asistise ao faladoiro, sempre tratando de aprender canto podía.

A mestra respondeulle con dozura:

–Clar, a xuventude é unha idade propicia ás ideas aventuradas: o mundo parécenos pequeno e queremos amplialo buscando por riba e por baixo. Todos os que estamos aquí pasamos por iso e sabemos o que é. Pero esas ideas desaparecen co tempo. Porque non hai nada máis que saber, todo canto necesitamos está aquí, diante de nós, ao noso alcance. E o que non está aquí, non debe ser buscado. Iso é o que che quero aprender como mestra. Por suposto, ti podes matinar nas cousas que non coñecemos, e fantasiar se son así ou son asá. Iso está ben, hai que fomentar a imaxinación; pero sempre tendo claro o que son: imaxinacións. Quen de nós non soñou algunha vez con outros países, outras razas, outras formas de vida? Outros mundos totalmente distintos... Por poder, podes imaxinar que existe, incluso, o mar.

–Existe? –Clar arregalou os ollos agardando unha resposta afirmativa.

–Non digo que exista. Digo que... que podemos imaxinar que existe, se iso nos fai felices. A imaxinación é libre e non está sometida ás regras do coñecemento científico. Mais en calquera caso, aínda que existise, non sería fácil descubri-lo a través dun trebello automático coma os que nos queren vender algúns.

A mestra volvíase dirixir, con retranca, ao comerciante Fluán Pablús. Elía interveu no seu favor:

–Vamos, dona Luzai, o señor non pretende convencernos de que a técnica teña que modificar os nosos costumes. En realidade, o único que quere é que lle fagamos unha encarga, non si?

–Con franqueza, si. Grazas, señor, moitas grazas –suspirou o vendedor.

O vello e rubicundo Elía acougaba os ánimos cada vez que a discusión subía de ton. Os seareiros agradeíanllo, pois moitas veces aquelas conversas tan animosas non levaban a ningures.

Ademais de Elía, dona Luzai, Clar e o distribuidor de enxeños mecánicos, ese sábado participaban na conversa a xuíza dona Silveri, o panadeiro Xesó Marpai, Guliano o libreiro, o varredor don Caisti, as irmás Marilia e Miralia de Morulia, Ramir Unglo e a súa esposa dona Larua, o sanitario don Rug, e así ata unha trintena de persoas. Agás o viaxante, que asistía porque lle cadraba andar pola aldea a vender os seus produtos, todos os demais eran fieis seareiros da xuntanza matinal dos sábados, sen dúbida a máis animada de Uñagará e posiblemente de toda a Póla Revirada. Porén, lamentábase a ausencia de Xearo Crus, o poeta, e dona Ulinda, a florista. Xearo Crus, autor dun libro de éxito na comarca, *Romanza ao aire vexetal insuflado*, achábase impedido na súa vivenda por causa dunhas febres púlxicas. Dona Ulinda non asistía debido a que este era sábado floral, como cada primeiro sábado de

mes no Surlestarb. Nos sábados florais tocaba facer agasallos de flores, polo que todas as floristas abrían as tendas ata a última hora da tarde.

Quen si estaba no faladoiro era o papagaio xigante de dona Ulinda, unha fermosa ave de cor verde, branca e vermella, cunha rechamante mancha de plumas negras arredor dun ollo. Era dun tamaño tan grande que multiplicaba por dez a altura do veciño máis corpulento de Uñagará, un pescador chamado don Ilorio; por ese motivo debía quedar fóra da ferrería e só asomaba a cabeza por unha lucerna do teito. Era un papagaio sisudo e pouco falador, que escoitaba con atención as conversas e non opinaba se non era requirido. Os veciños chamábanlle Prata.

–E ti que opinas de todo isto, Prata?

Don Caisti dirixíase ao papagaio. Este moveu a cabeza aos lados, dando a entender que non tiña formado un criterio ao respecto. O vendedor dixo:

–Desculpen vostedes. Non lles preguntarei por que conviven cunha ave de tamaño descomunal, aínda que aparentemente inofensiva, nin por que a deixan asistir ao faladoiro e mesmo lle piden a opinión. Mais gustaríame saber por que lle chaman Prata. É unha curiosidade que me xorde de repente.

–Porque era a única palabra que sabía dicir cando chegou á aldea, xa vai alá para... canto? Sete anos?

Explicáronlle que Prata aparecera un día de moita calor con aspecto de estar perdida. Viña camiñando, pois voar naquela rexión facíasele dificultoso,

e deulles máis dun susto aos vilegos, que non estaban afeitos a ver aves do tamaño dunha árbore. Púxose a beber na fonte dunha praza. Cadrou que ese día estaba dona Ulinda a recoller auga para as súas flores e, como o paxaro parecía manso, levouno consigo. Coa axuda dos veciños, construíulle un alpendre do seu tamaño á beira da florería, e desde entón coidouno con agrimo e ensinoulle a falar cun repertorio de expresións mínimo. Tamén mellorou a súa dicción, xa que Prata arrastraba o erre igual que facían os habitantes da bisbarra veciña de Póla Fungueira, que non eran capaces de dicir «a roda do carro de Roz esborrexou no barro e derramou o arroz» sen tragaren cuspe varias veces.

–Aínda que cultivan as mellores orquídeas de Surlestarb, todo hai que dicilo. Por iso dona Ulinda mantén boas relacións con eles. Mais cando lles preguntou se o papagaio Prata proviña de Póla Fungueira, ninguén lle soubo dicir nin si nin non.

–Hai moito enigma con este paxaro. Outro máis: unha vez ao ano, Prata marcha de viaxe. En canto remata o inverno, desaparece de Uñagará sen dar aviso. E ninguén sabe onde vai. Logo, ao cabo de tres meses, cando entra o verán, regresa, envolto nun silencio misterioso.

–E vostedes non lle preguntan?

–Non lle gusta falar de si mesmo.

Satisfeita a curiosidade, o vendedor Fluán Pablús volveuse centrar nas excelencias dos seus orixinais inventos. Acabou por estirar todos os catálogos ilus-

trados sobre o mesado cheo de ferruxe de Elía e acenaba con entusiasmo para acompañar as explicacións.

–Velaquí unha das últimas novidades: a fonte de auga caseira. Asímbrense.

–Unha fonte de auga caseira? Como é iso?

–Exactamente o que ven na imaxe. En calquera parte da súa vivenda, no interior ou no xardín, poden dispoñer dunha fonte de auga particular para o seu uso.

–O que mana dese cano pegado á parede é auga?

–Auga pura. Limpa, sonora, decorativa e ben fresca.

–Pero... nós xa temos unha fonte con estanque na praza maior, temos varias fontes máis en diversas rúas e pozas abundas nos campos. Hai un río cristalino nas proximidades, e chove bastante a miúdo. O que nos sobra é auga. Para que quixeríamos unha fonte dentro de cada casa?

A mestra volvía argumentar contra o vendedor. Porén, o panadeiro Xesó Marpai abría os ollos con deleitación.

–A min non me importaría ter unha fonte na casa. Utilizo moita auga para amasar o pan.

–Tampouco che viría mal unha plantación de centeo no tellado. Así, non terías que ir ás veigas –díxolle Elía entre risos.

–No debuxo vese o cano por onde sae a auga. Como conseguen que chegue aí? –preguntou Clar, sempre curiosa.

–Ah, querida nena, ese é o segredo da técnica. Non se pode explicar. Que sería do noso negocio se todo

o mundo soubese fabricar fontes de auga caseiras? Pero é que aínda hai máis. Observen: o sistema incorpora un enxeño que controla o paso do líquido. Poderán deixala correr ou cortarlle o paso segundo desexen. Velaquí a culminación do invento: a billa.

–Sorprendente –falou a xuíza dona Silveri por primeira vez. A xuíza interviña pouco, a menos que se tocasse o seu tema favorito: a economía–. Pero un invento así debe resultar caro.

–Depende. As cousas son caras ou baratas segundo se miren. No Oureal, de onde proveño, temos un refrán: «O prezo está no aprecio».

–Vostede vén do Oureal? –preguntou Clar.

–Exactamente de Leiroá, nas Fraguelas Mestas do Oureal. Alí nacín, aínda que emigrei cos meus irmáns e montamos a nosa fábrica de enxeños mecánicos noutra vila, Agundiña, no mesmo Oureal. Na fábrica usamos a tecnoloxía máis moderna e...

–Emigrou? Por que emigrou?

–Mmm, na actualidade, Leiroá non é bo sitio para vivir. Mal clima, pouca luz... É unha cidade moi vella, e xa saben o que pasa. As rúas féndense, empezan a caer muros, abandónase o coidado das casas e a vexetación inza libremente. A vida empeza a ser difícil alí, por iso emigra todo o mundo. Chegoulle a hora, como din os vellos.

–Dona Luzai, por que se destrúen as nosas cidades? Por que cada certo tempo se agretan os camiños e os edificios? Que fai que se modifique o clima ata

o punto de que non se pode vivir e ten que trasladarse todo un pobo? Polo que sabemos, ocorre en moitas partes de Arb; que explicación hai?

–Para iso non hai explicación, Clar. Como para tantas cousas. É certo que se producen emigracións desde que existimos, e sempre na mesma dirección: cara ás pólas máis estreitas. Alí recíbese máis luz solar e a vida resulta máis doada. As vilas abandonanse, constrúense vilas novas. Ata que lles chega a hora e se abandonan tamén. É xa unha vella tradición, só temos que seguila. Pero, tranquila, Uñagará aínda é nova. A nós non nos ha tocar, nin sequera aos teus netos. Nin aos netos dos teus netos. Talvez aos netos dos netos dos teus netos.

–Non sabemos a causa deses cambios. Habería que estudalo. Se cadra pode remediarse.

O vendedor empezaba a poñerse nervioso. Quería retomar o tema que lle interesaba.

–En definitiva, que lles parece este grande invento? A fonte de auga caseira.

–A min gústame a auga –dixo Ramir Unglo, que era agricultor–. Faime meditar sobre a vida. Cando estou arando, paro a pensar que a veiga é un río e os sulcos que fago son os destinos das persoas. Son cousas dos agricultores.

–Pois a min non me gusta nada –retrucou o varredor don Caisti–. Cando chove, queda todo enzoufado, non hai quen limpe. Imaxinen auga saíndo polas fiestras de todas as casas.

Os demais convidados asentían ou disentían engadindo variados argumentos. O vendedor Fluán Pablús tomou aire e falou con acento persuasivo:

–Na miña opinión, e descúlpenme se non coincide coa dalgúns de vostedes, hoxe en día hai poucas cousas tan importantes coma unha fonte. Fíxense: as fontes decoran o fogar; colocan un acento de orixinalidade sobre a monotonía do xardín; crean sonoridades máxicas, chegando a tapar os molestos rechouchíos dos paxaros; fornécennos auga; outórganlle frescura ao ambiente... Querem máis razóns? Unha fonte é a mellor compañía para a soidade, é un estímulo para a imaxinación, inspiración para a poesía. E un sinal de modernidade, por suposto. Hoxe en día está ben visto ter unha fonte propia. Confire categoría, prestixio social. Vostede, señor panadeiro, reconece que lle gustaría dispoñer da súa fonte privada. Non dependería das fontes públicas, sempre inseguras; podería saír á porta en plena faena cun caldeiro na man e dicir: «Velaí, a miña fonte». A que é fermoso? Os veciños sen dúbida admirarían ese talante emprendedor nun panadeiro. Vendería máis pan. E vostede, señora xuíza? Unha ministra social que non ten unha fonte de seu é... coma unha casa sen tellado, coma un día sen luz, coma un director de orquestra sen batuta –logo dirixiuse a Clar, sinalándoa co dedo–: E ti, miña pequena amiga? Seguro que na túa mente baila o rostro dun mociño co que soñas como compañeiro. Como pretendes conquistar o seu corazón se non tes unha mísera

fonte que lle ofrecer? Que porvir vos espera, dirache el cando faledes de matrimonio, se no voso horizonte non se dexerga a liña sinuosa e brillante dunha billa? –O viaxante, esgotado, atallou o discurso–. En definitiva, vanme mercar vostedes unha fonte caseira ou non? Porque se non é así, despedireime gustosamente. O certo é que hai moitas persoas que aprecian as fontes caseiras e agradecerán escoitar o meu ofrecemento.

Foi Elía quen lle respondeu con total determinación:

–Está ben. Convenceume. Encargareille unha fonte. Unha fermosa fonte caseira con billa para colocar diante da ferrería.

Fluán Pablús refregou as mans.

–Excelente decisión, señor. Verá como non se arrepinte. Os meus clientes xamais se arrepinten –volveu a vista aos catálogos para aconsellar sobre o modelo adecuado–. Imos ver, aquí, esta, si, por aquí imos ben. Eu coído que unha destas...

Eran fontes con billas de todas as clases, cores, tamaños e formas. Os amigos colocáronse en derredor para axudar na elección, agás Clar, que se mantivo afastada ensumida nos seus pensamentos. Murmurou:

–Unha fonte caseira, vaia un enxeño mecánico inútil. Se inventasen máquinas para moverse polo espazo a gran velocidade... Trasladarse en minutos ata o Oureal, ou a Póla Cumieira, ou ao vello reino de Medarb... Unha fonte, que parvada.

O viaxante chegara á aldea pola mañá no aerobús que facía o percorrido por toda a Póla Revirada, desde Olmainsí deica Trasquebrás, con parada en Ritordáns, Febreir, Tudio, Uñagará, Presep e Abroxia. Chegara cunha maleta con rodas, un maletín de man e o aire despistado propio dos sen casa nin póla. Entrara a tomar un lixeiro almorzo na taberna de Saimón o Xordo e desde alí dirixírase directamente á ferrería de Elía. Seguramente o propio Saimón, que oír non oía pero contestaba con fluidez a canto se lle preguntaba, o informara de que alí encontraría un bo ambiente e podería facer bos negocios.

Non era fácil ver viaxeiros por Uñagará. Os viaxeiros paraban máis en Olmainsí e Trasquebrás, as dúas cidades de máis categoría na bisbarra de Póla Revirada. Por iso eran sempre benvidos e, en sinal de agradecemento por pararen alí, os uñagarenses mercábanlles algo se viñan vender ou vendíanlles algo se viñan mercar. Aínda pouco tempo atrás pasara polo lugar un comerciante de tecidos desexoso de adquirir produtos manufacturados co selo da artesanía local para vendelos en diversas feiras, e, aínda que ninguén desexaba desfacerse das súas mantas e manteis, que elaboraban manualmente desde a rapa do animal ata o bordado final, acabaron por lle vender dúas ducias de panos moi adornados e un cento de fitas do pelo. Iso si, os uñagarenses foron estritos no prezo: non consentiron que lles pagase menos da cuarta parte da metade do que pensaban que podían valer. Non eran bos

releadores, pero tanto lles tiña. O importante era que o forasteiro marchase contento e talvez algún día regresase.

Elía e Fluán Pablús acordaron un prezo de dous mil cento corenta e dous con vinte e cinco tulis por unha fonte de primeira categoría.

–Debo advertilo de que a execución da obra levará un tempo. Temos tantas encargas que apenas damos abasto. A menos que sexa algo urxente, claro.

–Urxente? Levo oitenta e dous anos sen fonte propia, así que...

–A maior dificultade é a endoestrutura: localizar vías de auga subterránea, estabilizar o nivel freático, deseñar a conducción, salvar as cotas de terreo...

–Moi ben. Vostede traballe con calma, que hai présa.

–Como di?

–É un dos refráns típicos da comarca.

Rematada a operación de venda, o viaxante foi convidado a permanecer no faladoiro para narrar historias das súas viaxes e noticias de países remotos, que sempre se agradecían. Os ambientes exóticos, os nomes raros, os costumes inimaxinables doutras rexións de Arb, eran unha fonte de pracer para os oídos ávidos de novidades.

–A verdade é que teño viaxado moito. De feito, esta é a primeira vez que percorro Póla Revirada. Unha fermosa comarca, desde logo, e bastante soleada. Supoño que obterán boas colleitas de ñambués, cacao,

centeo, cost, lengonos... Encántanme os lengonos, hai tanto tempo que non os probó... Desde a última vez que crucei o Groso Coumón Ergueito. Aquilo si que eran lengonos, así, grandes e amarelos, coa súa codia ben risada...

Ao escoitar a mención do Groso Coumón Ergueito, Clar abandonou o seu curruncho ao fondo e correu a sentarse na primeira liña para escoitar as palabras do viaxante. Era coñecida a súa paixón polos relatos de viaxes, especialmente se alguén manifestaba ter estado máis alá do Groso Coumón Ergueito.

–Estivo vostede máis alá do Groso Coumón Ergueito?

–Máis alá do...? Por suposto que estiven –fachedeu Fluán Pablús–. En máis dunha ocasión, sobre todo en Póla de Fren. Son moi progresistas os seus habitantes, a pesar de viviren en cidades antigas, e agradécenme que lles leve os últimos logros da técnica. O difícil é baixar, hai treitos nos que non existe transporte e tes que botar man dos colgos, co incómodos que resultan para un home da miña idade.

–É certo que a paisaxe é máis escura e misteriosa?

–Misteriosa, eu non diría misteriosa. É diferente, iso si. Seguramente polo clima. Alí os invernos son longos. E o solo empeza a crebar, talvez lle estea chegando a hora. A hora de emigrar, quero dicir. Un cento de anos máis e...

–Que hai máis alá do Groso Coumón Ergueito?

–Non sabería contestar a iso. As zonas que frecuento son Póla de Fren e a Enramada Venteira, que son rexións

accesibles. Non é difícil chegar desde Dailca, no Mato Frondoso. Pero máis alá de Póla de Fren...

–Que hai?

O home dubidaba buscando unha resposta que non tiña. A mestra, que adiviñaba as intencións de Clar, interrompeu o interrogatorio.

–Veña, Clar, esquece as túas teimas. Sabes que máis alá do Groso Coumón Ergueito só hai outros coumóns, outras ramalleiras e innumerables pólas; e logo máis pólas, ramas e coumóns, e máis, e máis. Se camiñas sempre cara ao interior de Arb abandonando as zonas soleadas, o único que atoparás será frío, escuridade e medo. Monstros e animais impensados habitando en zonas nas que nós non podemos nin respirar. Acéptao dunha vez: máis alá das nosas rexións habitadas non hai nada que nos interese.

–Nada de nada –engadía Elía movendo a cabeza.

–Absolutamente nada –remataba Xesó, o panadeiro, con resignación.

Pero Clar insistía:

–Non é posible que non haxa nada. Terra Baixo Arb existe, estou segura.

Uns e outros moveron as cabezas aos lados facendo xestos de negación. Ocorría así cada vez que se mencionaba o vello mito.

–Terra Baixo Arb é unha lenda, unha invención dos antergos. Non existe. A única terra da que dispoñemos é a que hai sobre as pólas, o resto é ceo, luz e vento.

O viaxante Fluán Pablús volveu intervir co seu ton educado:

–Terra Baixo Arb! Vaia, vaia. Eu, con todo, se mo permiten, desde a miña experiencia de mundo e despois de escoitar moitas opinións ao respecto, xulgo que a cativa pode ter algo de razón, sequera unha pouca. Xa sei que é unha ousadía contradicir as ensinanzas dos nosos maiores, mais... eses mitos de Terra Baixo Arb, os xigantes, o mar infinito, en fin, óense tan repetidos en todas as rexións, existen tantas versións distintas mais coincidentes no principal, que un chega a pensar que algo ten que haber de certo, que non poden ser só invencións; en fin, non sei se fago ben en dicir estas cousas...

–Como non! –burlouse a xuíza dona Silveri, tan pouco amiga de fantasías coma dona Luzai–. Daquela, acabaremos tamén por aceptar que existen aparellos para ver persoas que se atopan a quilómetros de distancia, e carros que corren sobre estradas sen que ningún turre deles, e trebellos para alumear na noite coma se fose día... Hai que crer tamén niso? Vostede, que entende de mecánica, coida que algún día existirá algo diso? Non, verdade? Son fantasías. Pois o outro, tamén: fantasías.

A intervención dunha persoa de tanta autoridade resultou determinante. Fluán Pablús entendeu que era mellor mudar o tema da conversa e esforzouse por buscar na súa mente algunha novidade interesante para lles contar. O panadeiro Xesó Marpai aforroulle o esforzo:

–Na súa tarxeta de visita di que gañou un premio na Exposición de Arcarel. Tamén estivo na capital?

–Ben certo, si. Aínda estiven hai cousa dun mes.

–E que hai de novo por alá?

–Do que máis se comenta é dos disturbios que se producen a cada pouco na fronteira con Medarb. As bandas de contrabandistas estanse a organizar e preparan pequenos exércitos para defenderen os seus negocios ilegais. Despois, están os trasquimáns, que non paran. Hai moita violencia ultimamente na rexión. E, por suposto, a desaparición do Grinxu. Supoño que están informados.

–O Grinxu? O fillo dos Xumaín?

–Non sabemos nada. Que ocorreu?

–Non saben que desapareceu?

–Como é iso?

–Pois é así. Desapareceu. A explicación? Uns din que foi secuestrado polos propios contrabandistas, o cal resultaría un alarde de insolencia inconcibible, verdade? Outros pensan que puido sufrir un accidente, unha caída polo baleiro entrerramas, esperamos que non. Total, un misterio. Vaia, aquí as noticias chegan tarde. Pois non se fala doutra cousa en todo Surlestarb. Imaxinen, o Grinxu.

–Será por iso que andan mobilizados estes días os soldados xumainís? Nunca na miña vida vira soldados en Uñagará ata antonte. Elixiron algunhas casas ao chou e rexistráronas.

–Queren evitar que se estenda a delincuencia. Iso está ben.

–Polo demais, as noticias de sempre. Os bailes da fin da colleita de cost, a enésima taxa que regulará o consumo de saríldos, onde iremos parar!, o incendio da Biblioteca Rexional de Lumbergue, a inauguración da ponte entre Tudio e Ardaá... Interésalles a táboa de resultados das competicións interpolares de natación aérea deportiva?

Clar, que non quería afastarse do tema que lle interesaba, insistiu:

–Pois eu estou segura de que Terra Baixo Arb non é só unha lenda. Algún día demostrarei que existe.

Por primeira vez na mañá, escoitouse a voz grave do papagaio Prata, que repetiu co seu característico acento exótico:

–Existe. Existe. Ah, Terrrrra Baixo Arrrrrb. Existe.